



## RESOLUCIÓN

O día 4 de setembro de 2015 rematou o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo para a contratación dun/unha xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.

O Presidente do Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña, por delegación da Alcaldía Presidencia, e de conformidade co establecido na base quinta e oitava da convocatoria, en uso da facultades que ten conferidas,

### RESOLVÍU:

- a) Publicar unha listaxe provisional de candidaturas admitidas. Na devandita listaxe, relaciónanse os seguintes aspirantes, que presentan unha documentación incompleta. Ditos aspirantes teñem un prazo de tres días hábiles para presentar aclaracións ou documentación adicional nos seguintes termos:
- Gómez Bermúdez, Ana M<sup>a</sup>:
    - o En relación co requisito de titulación: na documentación presentada, non consta a homologación dun título académico expedido no estranxeiro. Deberá completar esta documentación coa correspondente homologación.
    - o En relación co requisito de experiencia laboral: na documentación presentada, non consta a vida laboral nin documento público algún de formalización da relación laboral e a categoría. Deberá completar esta documentación coa vida laboral ou documento público de formalización da relación laboral e a categoría que desempeñou.
  - Mier Barrenechea, Jesús Manuel:
    - o En relación co requisito da experiencia laboral: Na documentación presentada, limitábase a presentar a vida laboral, sen achegar os contratos ou documentos oficiais no que conste a categoría profesional pola que foi contratado. Deberá completar esta documentación cos contratos de formalización da relación laboral na que conste a categoría pola que foi contratado.
  - López Morais, M<sup>a</sup> Luisa:
    - o En relación co requisito de experiencia laboral: Na documentación presentada, limitábase a presentar escritos expedidos polos Concellos de Burgos e Palencia, sen achegar contratos ou documentos oficiais no que conste a categoría profesional e a vida laboral na que consten os períodos traballados. Deberá completar esta documentación cos documentos oficiais nos que conste a categoría profesional e a vida laboral na que consten os períodos traballados.
  - Patiño do Río, Celsa M<sup>a</sup>:
    - o En relación co requisito de experiencia laboral: Na documentación presentada, inclúese a vida laboral pero non incorpora os contratos ou documentos oficiais nos que conste a categoría profesional pola que é

contratado. Deberá completar esta documentación cos documentos oficiais no que conste a categoría profesional.

b) Os seguintes aspirantes, coa documentación presentada, non reúnen os requisitos esixidos na convocatoria nin acreditan estar en posesión dos mesmos e, por tanto, quedan excluídos, con carácter provisional, do proceso selectivo:

- Calatayud Álvarez, Lanzada: non acredita nin documental nin fehacientemente os requisitos establecidos na convocatoria.
- López Cernadas, Óscar: non posúe a titulación requirida nin a experiencia esixida nas bases.
- Pol Fernández, M<sup>a</sup> Pilar: non posúe a titulación nin acredita a experiencia esixida nas bases.
- Barreiro Vázquez, Pablo: non posúe a titulación e non acredita o suficiente número de anos de experiencia esixidos nas bases.
- Costa Caamaño, Liliana: non posúe a titulación nin acredita a experiencia esixida nas bases.
- Nogueira Gómez, Carmen: non posúe a titulación nin acredita a experiencia esixida nas bases.

No caso de que os aspirantes requiridos, non acrediten os extremos sinalados na presente resolución no prazo de tres días hábiles, quedarán excluídos definitivamente do proceso de selección para a contratación dun/unha xerente para o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña.

A Coruña, 21 de setembro de 2015

Alberto Lema Suárez,



Presidente do Consorcio de Turismo  
e Congresos de A Coruña